



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL SANTISO

*Anuncio de convocatoria para o alleamento mediante subasta de bens mobles*

### ANUNCIO DE CONVOCATORIA PARA O ALLEAMENTO MEDIANTE SUBASTA DE BENS MOBLES.-

Aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Santiso o expediente de alleamento de bens mobles, dispoñéndose a apertura do procedemento de selección do adxudicatario con suxección ás cláusulas establecidas no Prego de condicións aprobado con data 26 de xaneiro de 2022, e de conformidade co mesmo realízase a seguinte convocatoria:

**1.-Entidade Adxudicataria:** Concello de Santiso.

**2.-Obxecto do contrato.** Alleamento de bens mobles

Descrición dos bens mobles:

Camión IVECO (modelo ML170E23) matrícula O-5803-BS

PTMA: 18,000kg.

Cilindrada: 5861

Motor: Diésel

Potencia. 167KW

Km:92.471km

Configuración: Camión volquete con grúa.

**3.-Forma de adxudicación:** POXA.

**4.- Orzamento base de licitación:**

O prezo do referido ben establécese en TRES MIL (3.000,00) euros, mellorables á alza.

**5.- Garantías:**

Non se establecen.-

**6.-Obtención de documentación e información dos Pregos de condicións:**

Nas oficinas municipais sitas en “Agro do Chao, s/n.- 15808 Santiso (A Coruña)”

páxina web: <https://santiso.gal/> perfil do contratante.

**7.- Requisitos específicos do contratista:**

Non se esixe unha clasificación específica.

**8.- Presentación de ofertas e solicitudes de participación.**

As ofertas presentáranse no modelo que figura nos pregos e entregáranse nas dependencias municipais no prazo de 15 días naturais a contar dende o seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, con arranxo ó disposto nos Pregos.

**9.- Apertura das ofertas.**

Calificados previamente os documentos presentados en tempo e forma no sobre de referencia, a Mesa procederá en acto público á apertura das proposicións económicas que sexan admitidas a licitación. Dito acto celebrarase ás DOCE (12,00) horas do terceiro día hábil seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación de ofertas.

A Mesa de Contratación elevará proposta de adxudicación dos bens mobles ao órgano de contratación competente, que resolverá o que proceda, notificándose aos licitadores nos termos do Prego de condicións aprobado.

**11.- Gastos de anuncios.**

Os gastos de publicidade esixidos para a celebración deste contrato serán de conta do adxudicatario.

Santiso, 1 de febreiro de 2022

O Alcalde

Manuel Adán López

2022/511